

Valoración de CC00-ensino
das instrucións de
avaliación
e finalización do curso



Valoración de CCOO-ensino das instrucións de avaliación e finalización do curso 2019/20



CCOO-ensino leva demandando instrucións claras dende antes do inicio do terceiro trimestre. Os motivos son evidentes; o profesorado ten que programar a súa actuación co alumnado previamente ao desenvolvemento da súa actividade. A Consellería e o Ministerio emitiron as instrucións cun retraso tal que semella que non coñeceran o funcionamento da práctica docente. As instrucións definitivas publicadas con data de 28 de abril chegan moi tarde; non se aplicou a Consellería o rigor no tempo co que se lle pide ao profesorado que ten que presentar as programacións o 12 de maio, a todas luces insuficiente.

Lamentamos a hipocrisía da Conselleira falando de lealdade institucional mentras practica unha política educativa partidista dirixida a prexudicar as propostas ministeriais e a ocultar a desfeita da súa Consellería.

Lamentamos que a Conselleira demande ser escoitada polo ministerio cando ela non escoita á comunidade educativa galega. Na reunión coas AMPAS e organizacións sindicais (o día despois de presentarse no Parlamento) non aportou ningunha información que non coñeceramos previamente polos medios de comunicación.

Lamentamos que para a Conselleira a dotación duns cantos ordenadores sexan a solución á situación que estamos a vivir. Semella que non coñece a nosa realidade educativa e territorial. A fenda dixital é moito máis grande do que ela pensa e abrangue dende a falta de equipos informáticos á falta de sinal en moitas zonas do noso territorio pasando pola falta de formación do alumnado e profesorado para desenvolver a actividade lectiva de forma telemática.

Lamentamos que a Conselleira siga facendo campaña electoral en cada intervención pública na que aparece e teña a osadía de trasladar ás instrucións no seu punto oíto a idea ficticia de que se vai dotar cos medios a todos os centros que os soliciten.

Lamentamos, lamentamos, lamentamos... e poderíamos seguir aportando lamento tras lamento pero queremos informar das instrucións e que se coñeza a nosa valoración das decisións tomadas.

- ▶ Con respecto ao **calendario escolar** queda claro que remata o **19 de xuño**. Non podía ser doutra forma na medida en que a actividade lectiva non se interrompeu senón que continuou en formato telemático.
- ▶ Con respecto á volta ás aulas queda claro que esta dependerá do que vaian ditando as autoridades sanitarias.
- ▶ Con respecto á actividade a desenvolver no **terceiro trimestre** temos que ser moi críticos pois a redacción é ambigua. Temos que diferenciar dous aspectos: **actividade a realizar e a avaliación:**

- Non se di de forma clara se pode avanzarse materia non impartida presencialmente. CCOO-ensino xunto con outras organizacións sindicais e as dúas confederación de AMPAS con representación en Galicia fixeramos chegar á Consellería que entendíamos que non deberá avanzarse materia no terceiro trimestre. Entendemos que a única actividade do terceiro trimestre debe cingirse de forma exclusiva ao reforzo, repaso, recuperación e ampliación dos contidos impartidos de forma presencial. Hai que acudir á reunión das Organizacións Sindicais coa Conselleira na que tanto ela como o DX de Educación manifestaron que **pode avanzarse materia non impartida presencialmente**. Convén aclarar que a propia Consellería admite que **a nova materia impartida non pode ser avaliada**. A pesar disto a actividade no terceiro trimestre debe centrarse no reforzo e recuperación do impartido nos dous primeiros.
- A avaliación do terceiro trimestre debe contemplar o esforzo e traballo do alumnado no mesmo pero limitarse aos contidos impartidos presencialmente ata o 13 de marzo. A avaliación deste período só se contemplará para mellorar a dos dous primeiros trimestres.

- ▶ Con respecto á **flexibilización curricular** consideran que no vindeiro curso 2020/21 haberá que facer as adaptacións necesarias para recuperar o non impartido no terceiro trimestre deste curso. Non entenden que non podemos someter ao alumnado a superar nun período tan breve un trimestre a maiores depois de sufrir unha situación de confinamento; consideramos que o prioritario é o coidado emocional por encima do curricular. De novo lamentamos que non tomaran en conta as propostas que a comunidade fixo no sentido de adaptar o currículo dos cursos seguintes no caso de que fora posible pola duración da etapa. A consellería traslada esta responsabilidade ao profesorado ademais de moitas outras tarefas, sobrecargandoos dun traballo burocrático que non lles corresponde.



- ▶ Por suposto que **non se contemplan medidas e dotación para que o vindeiro curso poida afrontarse con garantías**. Para este curso CCOO- ensino demanda a cobertura inmediata das vacantes por profesorado substituto para ofertar unha atención non presencial real. Xa para o vindeiro curso consideramos imprescindible **o reforzo dos cadros docentes** e medidas que permitan unha **atención máis individualizada** como a **redución das rateos, desdobres...**Ao mesmo tempo hai que reducir a carga lectiva do profesorado para incrementar o horario adicado á coordinación, dinamización e **acción tutorial**. Sen aplicar estas medidas non poderemos superar a fenda que supón esta situación. Especial atención e dotación debe contemplarse para o alumnado con neae.

- ▶ Con respecto á **promoción de curso**, non entendemos a polémica creada xa que a mesma LOMCE contempla a repetición como unha medida excepcional. As críticas identificando promoción de curso como aprobado xeral forman parte dunha campaña interesada en desprestixiar o ensino público. Promocionar de curso non significa ter todas as materias superadas, significa que no curso seguinte hai que compatibilizar un plan de reforzo e recuperación de ditas materias. CCOO- ensino comparte a necesidade de que a promoción sexa o criterio xeral e a repetición unha medida moi excepcional quedando desvinculada da situación que supuxo a interrupción da actividade lectiva presencial.
- ▶ Con respecto á **titulación** lamentamos que nin o Ministerio nin a Consellería deran unhas instrucións máis claras e con plenas garantías xurídicas. Pero desde logo non é a peor solución deixar ao criterio do equipo docente a decisión de titular. Hai que ter en conta que é moi garantista na medida en que é a totalidade do equipo docente quen decide se o alumnado superou o conxunto das competencias básicas da etapa.
- ▶ Con respecto á **ABAU** mantense a convocatoria nas datas previstas en xullo (7-8-9). Coincidimos no deseño dunhas probas con moita optatividade de forma que o alumnado poida facer as probas sobre o currículo impartido presencialmente xa que os centros imparten as materias con diferente temporalización. Lamentamos que non contemplan un plan B no caso de non poder facer probas presenciais nesas datas.
- ▶ Con respecto á **Formación Profesional** a maior preocupación de CCOO-ensino é a realización das prácticas e en maior grao a FCT. Consideramos que non se debe reducir na porcentaxe proposta a duración das mesmas. Aínda que se poida reducir en algo a súa duración hai aprendizaxes que de non abordarse nesta fase suporán unha carencia importante para a capacitación laboral. Por este motivo CCOO-ensino considera que aínda que a avaliación sexa positiva hai que posibilitar o aprazamento das prácticas a un tempo posterior á finalización do curso.
- ▶ Nas **ensinanzas de adultos** bótanse en falta instrucións máis concretas, especialmente para os cursos da ESA, pois estes organízanse de modo cuatrimestral e o alumnado que estaría cursando agora o 4.º curso apenas tiñan iniciadas as actividades lectivas presenciais ao inicio do estado de alarma, polo que a avaliación seguindo os criterios xerais faise practicamente imposible.
- ▶ Con respecto á **apertura dos centros en xullo**, aínda que non aparece recollido nas instrucións, quedou claro na reunión coa Conselleira, que non será para desenvolver actividade lectiva ordinaria. Semella máis un anuncio de carácter propagandístico porque as actividades de ocio combinadas con reforzos de carácter voluntario xa están a producirse na meirande parte dos concellos dende hai tempo.



▶ Para CCOO-ensino **é imprescindible saír desta situación preparados para o futuro**. De repetirse unha situación similar hai que ter previsto desde o minuto cero como organizar a actividade non presencial. Hai que deseñar e implementar un Plan de dixitalización global para todos os centros educativos e traballar máis coas ferramentas e metodoloxías de teleformación. Isto non se consegue sen abordar dous elementos primordiais:

- A dotación do material infórmatico necesario a todos os centros, chegando a todo o alumnado, pero tamén a todo o profesorado. Da mesma forma a extensión da cobertura da rede a todo os rincóns do territorio galego. Nunha situación na que de novo teñamos que acudir á teleformación, non se pode presupor que en cada fogar haxa un equipo informático para cada unha das persoas que o compoñen. Por este motivo consideramos que debe ser a propia administración a que dote tanto ao alumnado como aos seus propios traballadores e traballadoras no só do material informático senón dos contidos dixitais.
- Un plan de formación nas metodoloxías e o uso de ferramentas da teleformación. O profesorado actual non foi formado para esta situación de aprendizaxe, polo que é urxente a planificación desta formación para todo o persoal docente.



ensino

www.ccooensino.gal



ensino